



As persoas abaixo indicadas, interesadas no expediente de execución arriba referenciado poden comparecer para ser notificadas do texto íntegro da resolución na Oficina de Disciplina Urbanística, ubicada na Xerencia Municipal de Urbanismo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte á publicación do presente anuncio. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

EXPEDIENTE:	12245/423
Situación da infracción	Avda. Samil nº 61-63
Nome do interesado:	JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEREIRO
Último enderezo coñecido:	MARIA TUBAU 17 H 1 1 28049-MADRID
Nome do interesado:	MIGUEL A VAZQUEZ VAZQUEZ
Último enderezo coñecido:	SANJURJO BADIA 128 4 C 36212 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	JULIO MARTINEZ SANCHEZ
Último enderezo coñecido:	DOCTOR CANOA 5 6 B 36206 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	FRANCISCO CABALEIRO NOGUEIRA
Último enderezo coñecido:	DOMINGO BUENO 60 36350 NIGRAN (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	JUAN JOSE ATANES CARBALLO
Último enderezo coñecido:	AVDA PORTUGAL 18 A 3IZ 32600 VERIN (OURENSE)
Nome do interesado:	JOSE MANUEL NOCEDA FERNANDEZ
Último enderezo coñecido:	VERDELLA (OIA) 53 36210 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	VICTORIA LOPEZ GOMEZ
Último enderezo coñecido:	LA ESTRADA 6 5 B 36209 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	ARACELI JUANICO HERNANDEZ
Último enderezo coñecido:	SAMIL 63 C 1 3 36212 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	MARIA MAR HOSPIDO LOBEIRAS
Último enderezo coñecido:	SAMIL 63 550 36212-36390 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	MANUEL FERNANDEZ LOPEZ
Último enderezo coñecido:	C/ RAMON CABANILLAS 11 1 D 32004 OURENSE (OURENSE)
Nome do interesado:	MANUEL MALLO PEREZ
Último enderezo coñecido:	PASTORA 40 1 29018 MALLA (MALAGA)
Nome do interesado:	CARMEN DURAN SANCHEZ
Último enderezo coñecido:	GARCIA BARBON 129 5 A 36201 VIGO (PONTEVEDRA)
Nome do interesado:	MARIA JOSEFA VAZQUEZ MAGALLANES
Último enderezo coñecido:	JENARO DE LA FUENTE 13 1 C 36205 VIGO (PONTEVEDRA)
BRS/bc	

Vigo, a 8 de febreiro de 2011.—O delegado de Urbanismo e Vivenda (Res. 2.08.10, BOP núm. 160, 20.08.10), José Manuel Mariño Mendoza

2011001796

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2010, faise pública a convocatoria para cubrir unha praza de profesor de violoncello para o Conservatorio Municipal de Música polo procedemento de concurso-oposición libre:

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL FIXA DE UN PROFESOR DE VIOLONCELLO PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL

1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a presente convocatoria a contratación laboral fixa para o Conservatorio Municipal de Música, a tempo parcial, de un profesor de violoncello

A praza está incluída dentro da Oferta de Emprego Público para o ano 2010 e a selección farase polo sistema de concurso-oposición libre.



2.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes da finalización de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuér a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do seu cargo.
- d) Que non estivera nin estea separado, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Estar en posesión do título de Grao Medio en Violoncello conforme ao Decreto 2618/1966 ou título superior se corresponde aos estudos do plan LOXSE.

3.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Excmo. Concello da Estrada. A instancia conterá, ó menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria, xuntando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade, certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuilo (Celga 4, perfeccionamento, Certificado de Escola de Idiomas ou equivalente) e do título esixido na convocatoria. Non obstante no Rexistro Xeral do Concello facilitarase ós interesados un modelo de solicitude redactado segundo o Anexo II destas Bases.

As instancias tamén se poderán presentar nas formas determinadas pola Lei de Procedemento Administrativo.

Coa instancia, incluirase unha relación dos méritos alegados, así como os documentos, orixinal ou copia compulsada, acreditativas dos mesmos.

4.-ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de Edictos da Casa do Concello. Os non admitidos poderán presentar reclamacións no prazo de 15 días alegando o que consideren oportuno.

5.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará constituído polos seguintes membros que actuarán todos con voz e voto, a excepción do Secretario:

Presidente:

- Titular: D. Javier Comesaña Pereira
- Suplente: D. Iván Novo Bello

Vogais:

- Titular: D. Angel Morales Domínguez
- Suplente: Dna. Rosa Montero Vecino



- Titular: Dna. Cristina Zataráin Andrés
Suplente: D. Antonio Cerviño Loira
- Titular: D. Pelayo Redondo Lissarrague
Suplente: D. Ramón Brea Villaverde
- Titular: D. Francisco Lorenzo Romero
Suplente: D. Ramiro Goldar Soto

Secretario:

- Titular: D. Valentín García Gómez
Suplente: Dna. Julia García Oya

O Tribunal quedará integrado tamén polos respectivos suplentes.

Poderán actuar como asistentes do Tribunal os profesores do Conservatorio que sexan requiridos polos membros. Neste caso terán dereito a percibir as dietas correspondentes.

6.—FASE DE CONCURSO

Será previa á oposición, non se eliminará a ningún opositor. Os puntos acadados nesta fase sumaranse ós obtidos na fase de oposición.

7.—VALORACIÓN DE MÉRITOS

Serán valorados os seguintes méritos:

- a) Por cada título elemental de outros instrumentos: 0.25 puntos, ata un máximo de 1 punto.
- b) Por cada título de Grao Medio de outros instrumentos: 0.25 puntos, ata un máximo de 1 punto.
- c) Por cada título de Grao Superior: 1 punto, ata un máximo de 2 puntos.
- d) Por experiencias en clases en Conservatorios Públicos: 0.25 puntos, ata un máximo de 2 puntos.
- e) Por calquera outros méritos alegados polos aspirantes relacionados coas funcións a realizar e que non figuren en ningún dos apartados anteriores: 1 puntos como máximo por todos eles, segundo libre valoración do Tribunal.

8.—FASE DE OPOSICIÓN

Realizaranse os seguintes exercicios:

- Primeiro exercicio: De carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá en interpretar as seguintes obras:

Suite nº 2 BWV 1008 (Johann Sebastian Bach)

Sonata para cello e piano en Re menor Op 40 (D. Shostakovich)

- Segundo exercicio: De carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, un tema de carácter xeral determinado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercizo ó chou entre 2 posibles propostos, e relacionado co programa que se acompaña á convocatoria, aínda que non se ateña ao epígrafe concreto do mesmo, tendo os aspirantes ampla liberdade en canto á forma de exposición se refire.

A puntuación máxima en cada un dos dous primeiros exercicios será de 10 puntos, sendo necesario para aprobar un mínimo de 5 puntos.

- Terceiro exercicio.—Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4, perfeccionamento, certificado de escola de idiomas ou equivalente) terán que realizar obligatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.



Quedarán exentos, así mesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o segundo ejercicio obligatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

9.—PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Rematada a fase de oposición o Tribunal sumará as puntuacións obtidas en ambas fases, resultando aprobado o opositor que alcance maior número de puntos. De seguido, publicarase a relación de aprobados por orden de puntuación: a persoa que acade maior puntuación será proposta ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis de unha persoa por praza.

Nun prazo de vinte días naturais, contados dende o seguinte día á publicación da lista de aprobados, os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello os seguintes documentos:

- a) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función, expedido pola Xefatura Provincial de Sanidade.
- b) Certificado de nacemento.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública.

Se no indicado prazo non presentasen a documentación requirida, o Tribunal reuniríase de novo para propoñer a outro candidato, entre os que obtiveran a puntuación esixida. Do mesmo xeito faríase se presentada a documentación non formalizase o contrato na data que se fixe.

A non presentación da documentación ou a non formalización do contrato dará lugar á perda de tódolos dereitos que deriven das actuacións do Tribunal.

Se o aspirante aprobado tivera a condición de minusválido acreditará mediante o certificado correspondente que reúne as condicións necesarias para desempeña-las funcións da praza.

Formalización do contrato: Se no prazo sinalado anteriormente o opositores presentara a documentación e concorrera na data sinalada para a sinatura do contrato, o Sr. Alcalde fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor da persoa proposta polo Tribunal.

ANEXO I.—TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
4. Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
5. O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
6. A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e retribucións. O referendo.
7. As Cortes Xerais. Composición e funcións.
8. O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu presidente.
9. A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
10. O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
11. A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.